

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 17 DE XUÑO DE 2008 RELATIVA AO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE TOMIÑO, NO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR SUELO EMPRESARIAL DEL ATLÁNTICO, S.L. CLAVE: 2007/0063.

ANTECEDENTES

O Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Tomiño está recollido no Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta en data 27 de maio de 2004. Este plan ten como obxecto establecer as condicións xerais para a futura implantación de solos empresariais, formando parte do Plan de Reactivación de Galicia 2003-2006.

Polo tanto, tendo en conta que o plan sectorial foi declarado de incidencia supramunicipal polo Consello da Xunta de Galicia o 22 de xaneiro de 2004, considerouse someter este proxecto sectorial ao trámite de avaliación de impacto ambiental atendendo ao disposto no Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

O proxecto sectorial do parque empresarial de Tomiño ten como obxecto regular a implantación territorial dun parque empresarial no concello de Tomiño (Pontevedra), cunha superficie de actuación dunhas 49,34 ha. No anexo I resúmese o contido da actuación e no anexo II as medidas correctoras e protectoras propostas no estudo de impacto ambiental.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data 9 de novembro de 2006 publícase no DOG (nº 28) o anuncio do 27 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Urbanismo que se somete a información pública o proxecto sectorial e o estudo de impacto ambiental do parque empresarial de Tomiño (Pontevedra).

Durante o período de información pública do proxecto sectorial foron presentadas alegacións por diversos particulares, tendo en conta no condicionado desta Declaración de Impacto Ambiental no que procede, as que teñen carácter ambiental.

Con data 30 de xaneiro de 2008 tivo entrada o expediente ambiental, remitido pola Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que se inclúen os informes da Subdirección Xeral de Estradas, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do Servizo de Control da Xestión de Residuos desta Dirección Xeral, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, da *Confederación Hidrográfica del Norte*, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

En data 20 de maio de 2008 a Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo remite o informe definitivo da *Confederación Hidrográfica del Norte*.

O expediente ambiental completouse en data 5 de xuño de 2008 coa recepción do informe definitivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de documentación adicional elaborada polo promotor en resposta ao informe da *Confederación Hidrográfica del Norte*.

Cumprimentada a tramitación, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 1/2006, de 12 de xaneiro, modificado polo Decreto 99/2007, do 24 de maio, e polo Decreto 18/2008, do 7 de febreiro, formula a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do proxecto sectorial do parque empresarial de Tomiño (Pontevedra), promovido por Suelo Empresarial del Atlántico, S.L.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que a actuación é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, tendo en conta que, no caso de que exista contradición entre o indicado na documentación presentada polo promotor e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano -a iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo-, poderá dictar aos sos efectos ambientais condicionados adicionais aos anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou a solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que aporten unha maior protección do medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, aportando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Dirección Xeral.

A. ÁMBITO DA DECLARACIÓN

Esta Declaración refírese exclusivamente ás actuacións de implantación do parque empresarial de Tomiño.

O ámbito desta Declaración está constituído por unha superficie dunhas 49,34 ha, no val do río Cereixo, delimitando ao norte polo núcleo de Vilameán, ao sur polos núcleos de Hospital e Pousadela, ao leste pola estrada PO-344 e o río Cereixo e ao oeste por O Freixoal.

Tendo en conta o ámbito desta DIA, o condicionado que segue vinculará a construción e o funcionamento das instalacións ou empresas que no futuro se desenvolvan na zona empresarial.

B. CONDICIÓN XERAIS

B.1. Previo inicio das obras

1. Definirase a localización das zonas destinadas ás instalacións auxiliares (parque de maquinaria, zonas de almacenamento de materiais e residuos, vestiarios, etcétera), primando o uso da superficie ámbito do parque fronte a calquera outra, procurando que se sitúen en espazos carentes de valores ambientais relevantes.
2. Definiranse as medidas precisas para consolidar os noiros e terrapléns que se xerarán durante os movementos de terra. De entre as medidas posibles, seleccionaranse aquelas que contribúan a unha mellor integración paisaxística (revexetación, estendido de mantas de fibras naturais, etcétera).
3. Deseñaranse os condutos da rede de saneamento, de abastecemento, de electricidade e de comunicacións, exteriores á zona industrial, sempre que sexa posible, de xeito que discorran por vieiros ou camiños existentes, co fin de minimizar a afección a zonas non antropizadas.
4. Desenvolverase o programa de vixilancia ambiental proposto no estudo ambiental, coas modificacións xurdidas do cumprimento desta DIA. Este programa levarase a cabo co obxecto de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no estudo ambiental e no condicionado da presente Declaración, incorporando procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa deberá permitir detectar, cuantificar e corrixir diferentes alteracións que non se puidesen prever no estudo ou no condicionado desta DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Na redacción deste programa fixaranse, segundo a fase (obras ou explotación) a periodicidade, indicadores e umbrais (admisibles e de alerta) que se vaian a utilizar en cada caso.

Na realización do control e seguimento ambiental terase en conta que:

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente declaración, designarase un/s responsable/s desta.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas e polo tanto deberán realizarse durante as labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- A toma de mostras, analíticas e medicións deberán ser realizadas por entidades homologadas e/ou acreditadas.

- Tanto os puntos de medición seleccionados como os de tomas de mostras así como a periodicidade dos controis poderán ser revisados en base aos resultados obtidos.

B.2. Na fase de replanteo

1. Balizaranse e sinalizaranse as zonas de obra e de tódalas infraestruturas e instalacións proxectadas, estando prohibido ocupar terreos fóra do previsto. Este balizado e sinalización deberán manterse en perfecto estado durante o transcurso das obras, sendo retirados cando estas finalicen.

2. No caso de que sexa necesario crear vías alternativas para a circulación dos veciños, estas estarán perfectamente indicadas e sinalizadas.

B.3. Na fase de obras e explotación

1. Cumprirase co disposto na Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e no que sexa máis restritivo, no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, así como o estipulado, no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do concello de Tomiño.

2. A maquinaria empregada no proceso construtivo cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto.

3. Non estando previsto a colocación de plantas de formigón nin de aglomerado asfáltico, estes procederán de planta ou plantas externas que contén coas súas correspondentes autorizacións.

4. Respectarase sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non estea afectada directamente pola execución da obra, e, se é tecnicamente posible, os tocóns non se eliminarán, sobre todo se están na ribeira dos cursos fluviais.

5. Para a realización de cortas das especies arbóreas debe terse en conta o disposto no Regulamento de Montes, tendo que facer a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso.

6. Os restos vexetais que se produzan, deberán ser xestionados axeitadamente, prevalecendo sempre a súa valorización. No caso de depositalos no terreo, deberán ser triturados e espallados homoxeneamente, para permitir unha rápida incorporación ao solo.

7. No que respecta á xestión de residuos terase en conta o seguinte:

- Adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados.
- Tódolos residuos que se xeren nas obras ou na explotación do parque empresarial deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.

- Adoptaranse as medidas correctoras oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo en todo caso que se impida calquera afección ao medio ambiente. En relación con este aspecto, e no que respecta aos residuos perigosos, cumpriranse as normas técnicas vixentes relativas ao envasado, etiquetado e almacenamento establecidas na lexislación vixente.
- Os traslados dos residuos perigosos realizaranse de acordo co indicado na normativa vixente.
- No caso dos residuos urbanos ou asimilables a urbanos, é competencia do Concello a súa xestión, nembargantes cando se trata de residuos urbanos que non se producen nos domicilios particulares, os Concellos poden obrigar aos posuidores a facerse cargo deles directamente ou ben poden chegar a un acordo sobre a forma de facerse cargo.

8. Nos labores de mantemento de foxos e sistemas de drenaxe evitarase o emprego de herbicidas, realizando os labores exclusivamente por medios mecánicos.

9. Porase en coñecemento de todo o persoal de obra e dos usuarios do parque as medidas de carácter ambiental que deberán ser adoptadas e/ou respectadas.

10. Previamente á implantación de calquera instalación ou empresa no parque comprobarase que, ademais de cumprir coas especificacións urbanísticas, dispón dos medios necesarios para o cumprimento do indicado nas ordenanzas sinaladas no proxecto sectorial (minimización de consumo eléctrico e de auga, prevención da contaminación por verteduras, ruídos e emisións á atmosfera). O antedito será independentemente do trámite ambiental ao que, no seu caso, deban someterse.

11. No caso de que as actividades a instalarse no parque empresarial se atopen no anexo I do Real Decreto 9/2005, de 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, os titulares deberán cumprir cos requisitos desta norma.

12. Se durante o programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectan impactos, imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos nesta DIA ou na lexislación aplicable, propóranse as medidas correctoras precisas para corrixilas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

C. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

C.1. Previo inicio das obras

1. Considérase axeitada a proposta de instalar o sistema de tratamento das pluviais (tanque de tormentas e desareador). Asemade estudarase a posibilidade de que estas augas

tratadas (ou polo menos unha parte delas) sexan empregadas na rega da zona verde e deste xeito reutilizar os recursos disponibles, sempre asegurando que a auga teña a calidade necesaria para asegurar o éxito das sementeiras e/ou plantacións e, co fin de que non se produzan asolagamentos, a cantidade sexa a correcta segundo a capacidade de acollida do terreo.

Nembargantes, e para os sistemas de rega que sexa necesario instalar terase en conta que estes sistemas ademais de cumprir a súa función de forma axeitada sexan, na medida do posible, de baixo consumo hídrico.

2. Estudarase a posibilidade da xestión conxunta mediante instalación dun centro específico para a clasificación e almacenamento dos residuos industriais xerados nas instalacións e empresas do parque, que funcione a modo de transferencia dos residuos desde as empresas produtoras ata os xestores finais. Esta instalación deberá dispor da autorización preceptiva, por parte desta Dirección Xeral, para o almacenamento de residuos.

3. Realizarase un inventario das fontes e/ou captacións de auga existentes no ámbito do parque ou no seu contorno que se poidan ver afectados polas obras, establecendo as medidas a levar a cabo durante as obras para procurar manter os usos actuais.

4. Dentro do ámbito do proxecto sectorial xéranse, debido ás augas de escoamento, cursos estacionais localizados ao norte e ao sur do ámbito e que discorren de oeste a leste ata desaugar no río Cereixo.

Na documentación avaliada propónse un plan de canalización para estas augas, mediante canalizacións de terra, situando a ambas marxes un espazo libre destinado a zonas verdes.

Á vista do anterior, detallaranse as medidas protectoras e correctoras específicas para evitar ou minimizar as potenciais afeccións sobre estes cursos de auga. A este respecto terase en conta o seguinte:

- Deberá revisarse o plan de canalización proxectado, dado que non xustifica axeitadamente os resgardos previstos para un caudal de avenida correspondente a un período de retorno de 500 anos, ao superar a sección proxectada en varios tramos das canalizacións 2 e 3. Polo tanto, as seccións de canal deberán adaptarse aos caudais de avenida calculados. O plan de canalización revisado deberá ser remitido á *Confederación Hidrográfica del Norte* para a súa aprobación.
- En calquera caso, para a execución de calquera obra ou traballo na zona de policía d cursos de auga precisarase da autorización administrativa do órgano de bacía. Esta autorización será independente de aqueloutras que deban ser outorgadas polos distintos órganos das Administracións Públicas.
- No emprego de marcos nos pasos de viais sobre os cursos de auga, a parte inferior da estrutura deberá quedar 40 cm por debaixo do leito natural do curso e a súa pendente nunca superará o 1%, debendo evitarse a saída do marco nun salto de auga que produza o socavamento do leito fluvial augas abaixo e/ou impida o remonte

das especies piscícolas. Asemade, deberase realizar o mantemento axeitado destas estruturas.

- De proxectarse pontes, estas deberán estar sobredimensionadas para evacuar o máximo caudal previsto e dar saída aos materiais de arrastre do río. Evitarase a instalación de muros e apoios de cachotería.
- As zonas para amoreamentos, préstamos e emprazamento de instalacións auxiliares ás obras deberán situarse en zonas onde os escoamentos ou as enchentes non produzan arrastres a estes cursos de auga.
- Deberán adoptarse tódalas medidas protectoras e correctoras necesarias para minimizar as posibles verteduras accidentais que se poidan producir aos cursos de auga que se prevén canalizar, establecendo un plan de continxencias para o suposto de que estas se produzan.

5. Queda prohibida a vertedura directa ou indirecta de augas e produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento de dominio público hidráulico, salvo que se conte coa previa autorización administrativa. As verteduras de augas residuais requirirán, polo tanto, a previa autorización do órgano de bacía.

Calquera vertedura deberá reunir as condicións precisas para que, considerada en particular e en conxunto coas restantes verteduras ao mesmo curso de auga, se cumpran en tódolos puntos os obxectivos de calidade sinalados para as súas augas, segundo o establecido no artigo 11 da Orde de 13 de agosto de 1999, pola que se publican as determinacións do contido normativo do *Plan Hidrológico de Cuenca del Norte I*.

6. Con respecto aos sobrantes dos movementos de terras, seleccionaranse, utilizando criterios ecolóxicos, as zonas onde se realizará o depósito, tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ociosos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no contorno. Previamente ao depósito destes sobrantes, contarase, no seu caso, cos correspondentes permisos.

7. No caso de que se precise a realización de voaduras para o movemento de terras, deseñaranse estas e planifícanse os seus métodos de execución, incluíndo as medidas protectoras e correctoras necesarias para minimizar as afeccións derivadas do ruído, vibracións, mobilización de po e proxección de materiais grosos.

8. Antes do inicio das obras adecuaranse zonas específicas para a instalación de distintos tipos de colectores nos que se almacenarán os distintos tipos de residuos, en condicións axeitadas de hixiene e seguridade, ata o seu envío a xestor final autorizado.

Deberase comunicar a esta Dirección Xeral a data de inicio das obras co obxecto de realizar unha inspección previa das zonas de almacenamento.

9. Segundo consta na documentación aportada, a rede de pluviais descargará nun só punto, localizado na canalización que discorre polo sur do ámbito e que acabará desaugando no río Cereixo. Será preciso polo tanto instalar os sistemas disipadores de enerxía necesarios para que non se produzan procesos erosivos na zona de saída.

10. Detallaranse os labores de integración paisaxística baseándose nas medidas descritas no estudo de impacto ambiental, definindo con detalle os traballos a efectuar segundo sexa a zona a revexetar (noiros de desmonte e terraplén, zonas verdes, depósitos de sobrantes, instalacións e vieiros auxiliares, etcétera) así como os materiais a utilizar nestes traballos.

Terase en conta o seguinte:

- Sempre que sexa técnica e economicamente posible, empregaranse especies herbáceas, arbustivas e arbóreas habituais da zona, co obxecto de garantir a súa viabilidade e reducir posteriores labores de mantemento.
- Na documentación avaliada contéplase a plantación de érbedo (*Arbutus unedo*) no elemento central do eixo principal. Respecto disto, recoméndase o emprego dalgunha outra especie, tamén autóctona, pero que se adapte mellor ás características da zona, por exemplo: carballo (*Quercus robur*), castiñeiro (*Castanea sativa*), freixo (*Fraxinus sp.*), etc.
- Para o deseño da zona verde, onde se implantará o sistema de tratamento das augas procedentes da rede de pluviais, deberán detallarse os labores para a integración paisaxística dos distintos elementos que o conforman, así como os traballos a efectuar durante a fase de explotación do parque empresarial para o mantemento destes elementos sen que se degraden e se convirtan en elementos discordantes nesta zona de uso público.
- As obras a executar integraranse esteticamente co contorno, diminuindo o impacto visual e paisaxístico. As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do contorno.

11. As rozas, movementos de terras e outros traballos que puidesen prexudicar á fauna na súa época de cría, faranse fóra de dito período. No caso de imposibilidade de evitar esa época iniciaránse antes do comezo do período máis sensible, evitando así que a afección se produza sobre animais en reprodución.

12. Tomaranse as medidas de seguridade axeitadas para evitar derramos accidentais dos tanques de almacenamento de produtos como aceites, graxas e carburantes de motores.

13. As cortas de vexetación de ribeira e as cortas da vexetación de bacía reduciránse ao mínimo posible. En todo caso, será preciso presentar a solicitude de autorización de corta de vexetación de ribeira no Servizo de Provincial de Conservación da Natureza de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sen prexuízo doutras autorizacións precisas.

14. Recoméndase a conservación de exemplares arbóreos de consideración que puideran existir na zona, tratando de integralos no deseño de parque.

15. Os traballos que supoñan o aporte de finos ocasionados polos movementos de terras a realizar deberán programarse fóra dos períodos chuviosos, tendo en conta que os desmontes e terrapléns que presenten riscos de erosión deberán ser revexetados inmediatamente.

16. Queda prohibida a queima de residuos, material excedente, restos vexetais ou calquera tipo de resto procedente da execución das obras.

17. Establecerase a recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características da zona, empregarase na recuperación das zonas degradadas.

18. Deberanse levar a cabo as medidas propostas polo promotor co fin de salvagardar o contorno da capela de Vilameán, e que se resumen a continuación:

- Recrearase un outeiro de noiros non uniformes e suficientemente tendidos (5H/2V), no centro do que ficarán os restos da capela. Estes noiros, a modo de ladeiras artificiais, revexetaranse con especies arbustivas autóctonas de xeito que se acade certa independencia das ruínas e desta zona verde coas naves industriais.
- Acurtarase o camiño de acceso á zona verde deixando pouco máis que un abucinamento para unha maior preservación deste contorno dos vehículos.
- Limparanse e consolidaranse os restos da capela.

19. Ademais do indicado no punto B.1.4, o programa de vixilancia ambiental deberá incluír especificamente durante a fase de obras o seguinte:

- Plan de control mensual nos cursos de auga que se proxectan canalizar, valorando a necesidade de aumentar esta frecuencia durante a realización das obras que poidan afectar directamente a estes cursos:
 - Tomaranse mostras de auga nas que se analizarán os seguintes parámetros: pH, sólidos en suspensión, materias sedimentables, condutividade, temperatura, osíxeno disolto, DBO₅, aceites, graxas e, en todo caso, aqueles necesarios para acreditar o cumprimento do artigo 80 sobre calidade mínima esixible ás augas continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais).
 - Empregarase como branco o resultado dunha toma de mostras realizada antes do comezo das obras.

- Inspección visual diaria de tódolos cursos de auga que se poidan ver afectados polas obras, co obxecto de detectar posibles afeccións por verteduras, desprendementos de rochas, correntamentos de terras, etc.
- Plan de control trimestral do nivel de ruído no contorno da área afectada. Os puntos de medición tomaranse nas edificacións habitadas máis próximas ao ámbito do parque. Este plan de seguimento acústico basearase no establecido no Decreto 150/1999, de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.
- Control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do proxecto. A tal fin, e previo inicio das obras, elaborárase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Como anexo a este proxecto, deberase recoller na cartografía empregada polo persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figurarán as áreas de risco arqueolóxico, cos textos necesarios para a súa comprensión.

En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e valorarase a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

Os traballos arqueolóxicos terán que ser levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/95, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

C.2. Na fase de replanteo

No control topográfico dos límites das zonas de obra e da localización de tódalas infraestruturas e instalacións proxectadas, quedará especialmente clara a delimitación do Dominio Público Hidráulico, balizando ou sinalizando adecuadamente os cursos de auga que se poidan ver afectados, co obxecto de preservalos de afeccións e danos innecesarios, quedando prohibida a utilización de dito espazo así como das ribeiras, marxes e zonas de servidume como lugar para o depósito de materiais, parques de maquinaria, operacións de repostaxe e, en xeral, todas aquelas actividades que puideran supoñer a contaminación das augas a través da incorporación de substancias contaminantes.

C.3. Fase de obras

1. O mantemento da maquinaria (cambio de aceite, engraxado, etc.) realizarase en talleres inscritos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
2. Deberanse adoptar as medidas necesarias para non comprometer a rede natural de drenaxe, permitindo o fluxo das augas á velocidade axeitada.

3. Nos períodos de seca procederase á humectación e/ou rega de materiais poeirentos. Así mesmo, os camións irán equipados con lonas ou toldos durante o transporte do material.

4. Serán obxecto de especial e estricto seguimento a implantación das medidas protectoras e correctoras ás que se fai referencia no punto C.1.4. desta DIA, para evitar as afeccións sobre os cursos de auga existentes no ámbito.

5. Desenvolveranse os traballos de integración paisaxística vixiando a evolución da revegetación, procedendo á reposición de calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións previstas.

6. O promotor do proxecto responsabilizarase de que se execute o programa de vixilancia ambiental a desenvolver segundo o indicado nos puntos B.1.4. e C.1.19 desta DIA para esta fase. Deberá elaborar os seguintes informes, cos contidos mínimos que se sinalan:

a) Trimestralmente:

- Cronograma actualizado das obras.
- Memoria do seguimento realizado de acordo co novo programa de vixilancia ambiental, redactado para dar cumprimento aos condicionantes da presente DIA e na que se indicará, se é o caso, as variacións producidas respecto do proxectado.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras. Nas fotografías indicarse a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización. No primeiro informe trimestral incluírse a análise de referencia para o control da calidade das augas continentais e dos ruídos.
- Representación en plano dos avances dos traballos e porcentaxe de execución das obras respecto do total, referido aos distintos elementos que as conforman.

b) Antes da emisión da acta de recepción:

- Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, no que quede constancia das medidas protectoras e correctoras adoptadas en cumprimento do disposto nesta DIA.
- Informe, no seu caso, das variacións introducidas ao longo das obras respecto do proxectado.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se aplicaron medidas protectoras e correctoras. Nas fotografías indicarse a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.
- Incidencias producidas e medidas adoptadas para a súa resolución.

C.4. Fase de explotación.

1. Unha vez rematadas as obras, existirán parcelas que quedarán desprotexidas e expostas ás inclemencias do tempo ata a instalación das correspondentes naves empresariais, polo que se tomarán as pertinentes medidas para evitar esta afección, mediante a revexetación canto antes destas superficies núas ou recollendo os escoamentos en balsas de decantación temporais, que se xestionarán e controlarán para o seu correcto funcionamento.

2. Dous (2) meses despois do remate das obras presentaranse ante esta Dirección Xeral xustificantes do tipo e cantidade de residuos entregados a xestor autorizado.

3. No que respecta ao sistema de tratamento por decantación das augas pluviais previamente á súa vertedura ao medio terase en conta que este sistema debe manter a súa funcionalidade en condicións óptimas, polo que a recollida dos lodos debe ser periódica.

4. O promotor do proxecto responsabilizarase de que se execute o programa de vixilancia ambiental a desenvolver segundo o indicado nos puntos B.1.4 e C.1.19 desta DIA.

5. Como resultado do plan de vixilancia deberán elaborarse os seguintes informes, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación, que deberán ser remitidos ao órgano substantivo (IGVS) coa periodicidade indicada de seguido:

- Trimestralmente durante o primeiro ano da explotación e anualmente os seguintes anos:
 - Memoria do seguimento realizado de acordo co programa de vixilancia ambiental, redactado para dar cumprimento aos condicionantes da presente DIA, na que se indicará se é o caso, os novos impactos detectados non previstos no estudo ambiental.
 - Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras. Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2008

Director xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

Joaquín Lucas Buergo del Río

ANEXO I

RESUMO DA ACTUACIÓN DESCRITA NA DOCUMENTACIÓN AVALIADA

O ámbito no que se proxecta o parque empresarial de Tomiño, dunhas 49,34 ha, atópase no val do río Cereixo, a carón da estrada PO-344.

A superficie do futuro parque organízase nas seguintes zonas:

- Superficie de parcelas: 298.337 m².
- Superficie viais: 54.269 m².
- Superficie zonas verdes: 88.454 m².
- Superficie equipamentos: 11.490 m².
- Zonas verdes non computables: 40.906 m².

O sistema de espazos libres localízase ao oeste do ámbito, integrando unha pequena capela en ruínas existente dentro do ámbito, servindo tanto de regulación da delimitación como de barreira vexetal entre o medio rural colindante e o parque.

Entre as parcelas de gran tamaño situadas ao norte e ao sur e as de tamaño intermedio existen uns cursos de auga temporais ou augas de escoamento que se desvían para conservarlos e conseguir máis superficie lucrativa. As parcelas de gran tamaño únense ao anel central a través duns pasos que atravesan estes cursos.

No que respecta aos servizos a implantar, defínese o seguinte:

- **Rede viaria:**

O acceso principal ao parque faise a través dun eixo que o atravesa de leste a oeste e que conecta cun camiño rural existente dentro do ámbito (que da servizo ao núcleos próximos ao parque) e coa estrada PO-344.

Desde o eixo principal parten dous aneis a ambos lados (norte e sur) que dan acceso ás diferentes parcelas. Na zona oeste, o eixo principal remata nunha rotonda.

A intersección do eixo principal coa PO-344 resólvese cunha semiglorieta de 15 m de radio, aproximadamente no punto medio do límite do ámbito que linda coa estrada PO-344.

- **Rede de abastecemento de auga:**

O abastecemento de auga ao parque realizarase desde un novo depósito (anexo ao existente) da rede de abastecemento Tui-A Guarda-Pousadela, situado a uns 1,5 km do parque.

- **Rede de saneamento:**

A rede de saneamento será separativa.

En canto á rede de pluviais, discorre polo eixo dos viais e está formada por sumidoiros colocados a ambas marxes dos mesmos. A descarga da rede de pluviais efectuarase nun punto do curso de auga obxecto da canalización 1, estando prevista a construción dun tanque de tormenta e un desareador.

Por outra parte, a rede de fecais está formada por colectores colocados baixo as beirarrúas cos seus correspondentes pozos de rexistro. Proxéctase a súa descarga nun colector existente, que entronca coa EDAR próxima ao núcleo de Pazos, mediante un colector de ribeira que discorrerá pola marxe dereita do río Cereixo, nun treito de aproximadamente 3,3 km de lonxitude.

Respecto da rede de enerxía eléctrica, a rede de media tensión e a de baixa tensión situaranse soterradas baixo a beirarrúa. O subministro eléctrico ao ámbito de actuación tomarase desde a subestación eléctrica que se instalará no propio parque empresarial.

A vexetación actual da zona de estudo caracterízase principalmente por un mosaico de pradeiras, cultivos, matogueiras e arborados. No ámbito obsérvanse zonas encharcadas, brañas colonizadas por carrizos, ademais de salgueiros, vimbieiras, laureis, etc. e árbores de gran porte como ameneiros, castiñeiros e carballos.

No tocante á hidroloxía do ámbito de estudo, este atópase localizado no val do río Cereixo, afluente do río Miño, que discorre paralelo á estrada PO-344 que o separa do parque. Dentro do ámbito, a rede fluvial está constituída fundamentalmente por augas de escoamento e pequenos cursos temporais que dan lugar á aparición de charcas e brañas.

ANEXO II

RESUMO DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS NA DOCUMENTACIÓN AVALIADA

MEDIDAS PROTECTORAS

Fase de execución

A) Atmosfera

1. Regas periódicas, principalmente nas épocas de baixa pluviometría, sobre as zonas de actuación e as zonas de acopio de materiais.
2. Evitarase a concentración excesiva de maquinaria, e no caso de transporte de material poeirento, as caixas dos camiós cubriranse con lonas.
3. Vixiarase que a maquinaria cumpre coa normativa vixente respecto ás emisións de gases. Controlaranse os prazos de revisión da mesma (ITV) e, previo inicio das obras, comprobarase que tódolos vehículos e maquinaria a empregar posúen un correcto axuste dos motores, unha potencia axeitada ao traballo a realizar, catalizadores e un estado correcto dos tubos de escape.
4. Durante os descansos e paradas prolongadas da actividade apagaranse as máquinas e prohibirase a queima de residuos, restos vexetais ou calquera outro tipo de resto procedente da execución das obras.
5. Prohíbese a queima de residuos, materiais excedentes, restos vexetais ou calquera outro resto procedente da execución das obras.

B) Ruído

1. As actividades que se desenvolvan no futuro parque empresarial deberán estar suxeitas ao establecido en materia de ruídos na lexislación vixente. Levarase a cabo un correcto mantemento da maquinaria de xeito que se axuste ao establecido no RD 212/2000, de 22 de febreiro, polo que se regulan as emisións sonoras no contorno debidas a determinadas máquinas de emprego ao aire libre. Vixiaranse os prazos de revisión da mesma.
2. Empregaranse compresores e perforadoras de baixo nivel sónico, martelos pneumáticos e hidráulicos e maquinaria con carcacas protectoras de motores. Non se descargará material desde altura, especialmente se é groso. Prohibirase o emprego de sereas ou outros medios sonoros de sinalización, agás que sexa estrictamente necesario. Reducirase o tráfico na medida do posible mediante o emprego de vehículos de gran tamaño. Realizaranse campañas de medición de nivel sonoro co fin de verificar o cumprimento dos niveis sonoros establecidos na lexislación vixente.

C) Contaminación lumínica

1. Prolongarase a iluminación só no caso de que sexa estrictamente necesario, co fin de evitar as molestias innecesarias sobre a fauna ou poboacións próximas, polo que tratarán de aproveitarse ao máximo as horas de luz.

D) Edafoloxía

1. Co fin de garantir a actuación plantexada, tanto na fase de execución como na de explotación, consideraranse o conxunto de recomendacións xerais indicadas no anexo xeolóxico-xeotécnico.
2. Na zona leste do parque non é aconsellable realizar escavacións xerais a modo de desmontes por debaixo dos 0,7 m a partir da superficie actual do terreo, ao ser probable que se corte o nivel freático, afectando moi negativamente á estabilidade das paredes da escavación. Na zona oeste, de acometerse escavacións superiores aos 2 m, será preciso o uso de bombas co fin de garantir a eliminación de auga.

Para o sector central e a chaira oeste recoméndase adoptar a disposición de noiros 1H:1V debido ás características intrínsecas do material. Se fose necesario realizar desmontes na zona da chaira leste recoméndase adoptar inclinacións máis suaves para os noiros tipo 2H:1V.

No caso de realizar escavacións por debaixo do nivel freático, considérase necesario empregar sistemas de bombeo combinados con entubacións continuas.

Nas zonas onde existen recheos antrópicos de vertedoiro procedentes dos excedentes da apertura dos camiños actuais que percorren o ámbito do parque, eliminaranse na súa totalidade, dado que os materiais removidos non posúen as características portantes axeitadas como nivel de cimentos de explanada, nin de futuras edificacións.

E) O solo

1. Ao inicio das obras, procederase á delimitación do terreo afectado polas obras, minimizando a afección sobre o territorio.
2. Habilitarase un espazo destinado á acollida das instalacións auxiliares á obra, nunha zona que non teña especial valor ecolóxico ou xa degradadas e fóra dos núcleos habitados.
3. Os labores de mantemento de maquinaria non apta para circular por estrada realizarase dentro da zona habilitada para elo, dispoñendo de medios necesarios para evitar calquera afección ao solo por derramos accidentais. No caso da maquinaria apta para circular pola estrada, os mantementos deberán facerse en talleres autorizados. Unha vez finalizada a obra, recuperaranse e rexeneraranse todas aquelas áreas destinadas a instalacións auxiliares.

4. Deberán sinalarse debidamente os límites de afección establecidos axustándose a circulación da maquinaria a dito espazo.

F) Xestión de residuos

Deberá levarse a cabo conforme á lexislación vixente. Antes do inicio das obras, a empresa adjudicataria deberá presentar ao Director de Obra un plan de xestión dos residuos que se xerarán na obra.

1. Residuos perigosos:

- A recollida de aceites usados e outros residuos perigosos debe realizarse de tal xeito que se evite a mestura con outro tipo de residuo.
- Os envases que conteñan aceites usados deberán evitar perdas ou fugas do contido e serán resistentes aos golpes producidos durante as operacións de manipulación e almacenamento.
- Os envases deberán estar debidamente etiquetados.
- O amoreamento dos residuos debe realizarse en compartimentos estancos impermeabilizados e provistos de elementos de retención. Se as condicións o permiten, estarán dispostos baixo teito co fin de evitar que a auga da choiva poida entrar en contacto co residuo. Asemade, disporase dunha rede de drenaxe perimetral que recolla as augas de escoamento. O tempo máximo de almacenamento dos residuos non será superior a seis meses. O almacenamento de materiais inflamables debe localizarse fóra da zona de estacionamento da maquinaria.
- Os depósitos, envases e sistemas de impermeabilización serán sometidos a revisións periódicas.

2. Residuos inertes:

- Deberá habilitarse un espazo, correctamente sinalizado, para o almacenamento dos residuos inertes que poidan xerarse na obra, ata o seu destino final, sempre alonxado de cursos fluviais e zonas habitadas.
- O destino final dos residuos inertes será diferente segundo a caracterización dos mesmos: as terras e sobrantes de escavación reempregaranse noutra obra ou irán a depósito autorizado; os plásticos, madeira e metais, irán a xestor ou valorizador autorizado; os lodos das balsas de decantación irán a vertedoiro de residuos inertes.

3. Residuos sólidos urbanos e asimilables a urbanos:

- Instalaranse contedores correctamente sinalizados para a recollida de residuos sólidos urbanos xerados na obra.

- O tratamento para este tipo de residuos pode ser o depósito controlado nun vertedoiro municipal, a incineración ou a compostaxe (fracción orgánica). Os restos vexetais que se xeren poden considerarse asimilables a urbanos, polo que non deben ser soterrados con material de escavación, senón proceder á súa correcta xestión: trituración e transporte á planta de compostaxe, contribución en pequenas cantidades ao enriquecemento da terra vexetal, queima controlada (previa autorización por parte da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais) e transporte en pequenas cantidades a puntos limpos.
- Na ordenación proposta reservouse unha parcela de 2.000 m² para a futura situación dun punto limpo dentro do parque, que servirá para a xestión dos residuos durante a fase de explotación.

G) As augas

1. Evitarase a localización de zonas de amoreamento de materiais, parque de maquinaria e en xeral de todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación potencial, nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en fincas próximas.
2. Co fin de protexer as augas subterráneas fronte ás verteduras accidentais en superficie, as zonas de obra instaláranse preferentemente en zonas impermeables e de escaso valor ecolóxico.
3. Para os labores de mantemento da maquinaria non apta para a súa circulación por estrada construírse un foxo perimetral impermeabilizado dentro do parque de maquinaria que recolla as verteduras accidentais dentro do mesmo, ademais dunha balsa de decantación.
4. As verteduras de aceites e graxas da maquinaria de obra, así como os lodos procedentes da balsa de decantación, recolleranse en contedores e serán recollidos por un xestor autorizado, de acordo coa lexislación vixente.
5. Prohibirase o emprego de auga das canles fluviais para operacións de limpeza da maquinaria ou das ferramentas.
6. Queda totalmente prohibido as verteduras de calquera substancia ás augas.
7. En caso de ser necesaria a apertura de novos camiños de obra, estes quedarán fóra das proximidades das canles fluviais, así como a circulación de maquinaria sobre as mesmas.
8. No caso de fortes choivas, de detectarse risco de lixiviados, cubriranse os materiais con lonas e estableceranse as medidas axeitadas para evitar calquera tipo de verteduras ou arrastres de materiais cara aos cursos de auga, como o establecemento de foxos perimetrais de recollida de augas. Do mesmo xeito, evítaranse zonas de asolagamentos ou sedimentación nos puntos de incorporación á rede natural.

9. De xeito xeral, controlarase o movemento de terra cando este se leve a cabo nas inmediacións dos cursos, para evitar que cheguen sedimentos ás augas superficiais. Neste senso, deberán controlarse as canalizacións norte e sur plantexadas, co obxecto de minimizar a afección producida e evitar un aumento de turbidez das augas. Así, estas operacións realizaranse preferentemente durante a época de estiaxe na que o caudal é menor e, polo tanto, o risco de arrastre de sólidos.

10. Nas proximidades dos cursos fluviais e en previsión de arrastre de sólidos, durante a realización das obras instalaranse barreiras de retención formadas por armazóns vexetais ou pacas de palla. O número de pacas a colocar será función do ancho da zona de circulación das augas, debendo evitarse que a auga as rodee e circule polos lados. Se o terreo é moi irregular e non se consegue unha boa adhesión das pacas, poden colocarse varias filas paralelas que aumenten a efectividade. Estas pacas revisaranse periódicamente.

11. Revexetaranse as marxes fluviais que puideran quedar desprovistas de vexetación, de xeito que se evite que o po caia sobre a corrente, ademais de reducir os arrastres por escoamento.

12. Proporase unha campaña de análises de augas, a realizar durante a fase de obras, co fin de controlar os parámetros de calidade das augas.

13. Como resultado das obras de variación de trazado, deberá variarse a zona de policía correspondente, pasando a selo, terreos que anteriormente non estaban incluídos na mesma.

H) Vexetación

1. Limitarase a actuación á superficie estritamente necesaria.

2. É importante protexer aquelas áreas destinadas a zonas verdes, tanto computables como non computables, tratando de reducir ao máximo a superficie de ocupación e limitar a afección sobre as formacións presentes, fundamentalmente nos casos de aqueles exemplares de maior interese, como abeneiros, castiñeiros ou carballos.

3. Planificaranse os movementos da maquinaria e vehículos de obra, limitándose na medida do posible a camiños existentes. De ser necesaria a creación de novos accesos, limitarase ao máximo a superficie de afección dos mesmos.

4. Tomaranse medidas para evitar os incendios, mediante a prohibición expresa de levar a cabo queimas tanto de vexetación rozada como de calquera material procedente da obra.

5. Levarase a cabo un plan de restauración daquelas zonas que quedaron sen vexetación.

6. Procederase á rega do sistema foliar das especies vexetais próximas á obra que presenten acumulación de po.

I) Fauna

1. Planificaranse os calendarios do proceso construtivo prestando especial interese aos procesos de reprodución e cría das especies faunísticas presentes cando se programen as actividades máis molestas. Neste senso, terase en conta a presenza de gando nos lugares próximos, co fin de evitar ou diminuír na medida do posible, as molestias que dos traballos programados se deriven.

2. Minimizaranse as zonas de ocupación mediante xalonamento.

3. Minimizarase o risco de atropelos, advertindo ao persoal de obra da existencia de pequenos vertebrados na zona.

4. Respecto da canalización dos cursos de auga presentes, esta garantirá un calado mínimo para o desprazamento da fauna piscícola e a capacidade de arrastre suficiente para que non se depositen os arrastres.

J) Paisaxe

1. Minimizarase a superficie de ocupación, mediante o pertinente xalonamento da zona de actuación.

2. Aproveitaranse ao máximo os accesos existentes, evitando a apertura doutros novos e polo tanto unha maior eliminación de vexetación.

3. Para a localización das zonas de amoreamento de materiais, así como do parque de maquinaria, escolleranse áreas de baixa calidade natural, de escasa conca visual e calidade paisaxística. Evitaranse áreas que poidan estar afectadas por riscos naturais prevendo sempre a posible afección sobre a drenaxe das bacías naturais. Buscaranse zonas que non afecten ás comunidades faunísticas existentes e que presenten facilidade de restauración para a súa pronta recuperación.

4. Realizarase unha revexetación de tódalas superficies que como resultado da actuación resulten núas, mediante especies herbáceas, arbustivas ou arbóreas. Dita revexetación realizarase coa maior brevidade posible, co fin de evitar unha erosión superficial. No programa de vixilancia ambiental establecerase un seguimento de dita revexetación co fin de garantir a recuperación das áreas afectadas e establecer as medidas correctoras oportunas en caso de que o grao de cobertura non sexa o esperado.

5. Eliminarase calquera residuo que poidera quedar despois das obras.

K) Medio socioeconómico

1. Deberán extremarse as precaucións citadas en relación coa atmosfera, en canto á emisión de gases contaminantes e partículas, así como en canto á emisión de ruído.
2. Procurarase evitar a interrupción de calquera vial, plantexando sempre percorridos alternativos que deberán sinalarse convintemente. Posteriormente, restituíranse tódolos camiños, así como outras infraestruturas que puideran verse afectadas como consecuencia dos traballos realizados.
3. Deberá potenciarse o emprego de man de obra local na fase de construción, así como man de obra local nas empresas que se instalen no parque.

L) Patrimonio cultural

1. Como medida protectora das ruínas da capela presentes no ámbito, decidíuse incluílas dentro dunha das áreas reservadas para zona verde, de xeito que o movemento de terra sexa o menor posible nos seus arredores, xa que como se desprende da prospección realizada, existe risco de que baixo a mesma existan soterramentos ou antigas estruturas soterradas.

Fase de explotación

A) Atmosfera

1. Durante esta fase, as emisións gaseosas producidas por calquera actividade que se instale no parque, axustaranse aos valores permitidos pola lexislación vixente. Asimesmo, adaptarase ao disposto na Lei 8/2002, de protección atmosférica para Galicia e cumprírase co RAMINP.
2. No caso de que no ámbito se poidan integrar empresas con potenciais efectos acumulativos na atmosfera que precisen de seguimento ambiental, dito seguimento realizarase dun xeito coordinado entre esas empresas, de forma que exista unha única rede de mostreo.

B) Ruído

1. Durante a fase de funcionamento verificarase nas licenzas o cumprimento do establecido na normativa vixente en materia de ruídos, regularanse os usos e horarios das actividades e designaranse límites de velocidade dentro do parque.

C) Contaminación lumínica

1. Estudarase o deseño do alumado público de xeito que se garanta a minimización da contaminación lumínica e un mellor uso da enerxía. Dito deseño deberá optimizar o aproveitamento da luz, evitando a dispersión en zonas onde poida ocasionar afección, fundamentalmente nos puntos próximos a núcleos rurais.

2. O sistema de alumado contará con sistemas de acendido/apagado que garantan que o alumado non permanece acendido durante as horas de luz natural.
3. Os peches das luminarias serán planos e o material empregado terá gran calidade de transmisión e resistencia aos efectos da intemperie e o paso do tempo.
4. As luminarias empregadas terán reflector na parte superior, co fin de evitar a proxección da luz por enriba da horizontal.
5. Empregaranse lámpadas de vapor de sodio.

D) Xestión de Residuos

1. No caso de que se produza o abandono dalgunha das empresas implantadas no futuro parque empresarial, procederase á desmontaxe e retirada de calquera tipo de elemento susceptible de provocar contaminación, xestionándose axeitadamente os residuos xerados.

E) As augas

1. As augas pluviais verterán nun único punto localizado na canalización que discorre polo sur do ámbito, e que acabará desaugando no río Cereixo. Esta rede contéplase cun tanque de tormenta e un desareador que evite a descarga de elementos contaminantes da atmosfera, así como elementos depositados en beirarrúas, tellados e calzadas.
2. Os límites das composicións cualitativas ou cuantitativas das augas residuais cumprirán os parámetros fixados no RD 1664/1998 e RD 849/1986 “Regulamento de dominio público hidráulico” ou a normativa vixente no seu momento, así como as limitacións que poida establecer a compañía concesionaria ou a Comisaría de Augas da *Confederación Hidrográfica del Norte*.

F) Paisaxe

1. No tocante ás futuras instalacións, deberán adoptarse as seguintes medidas encamiñadas a unha maior integración no contorno no que se localiza a actuación:
 - Coidarase a estética das fachadas das futuras instalacións, principalmente daquelas que sexa visibles desde os distintos viais.
 - Prohibirase o emprego de materiais de difícil conservación, así como a utilización nos paramentos exteriores de pinturas facilmente alterables polos axentes atmosféricos ou de combinacións agresivas de cor.
 - Nas cubertas das edificacións prohibese o emprego do fibrocemento na súa cor natural, cando poida ser visto.

- As construcións auxiliares e instalacións complementarias das industrias deberán tratarse con similares niveis de acabado que a edificación principal.
- Prohíbese empregar os espazos libres privados para depósito de materiais, refugallos, etc., así como para calquera utilización que poida danar a estética do parque.

MEDIDAS CORRECTORAS

A) Atmosfera

1. As emisións gaseosas das empresas que se instalen no futuro parque empresarial axustaranse ao determinado na lexislación vixente en materia de contaminación atmosférica.
2. Controlarase a emisión de olores que produzan molestias ou incomodidade sobre os núcleos de poboación próximos.
3. Tratará de fomentarse o emprego do transporte colectivo mediante o establecemento de percorridos apropiados á necesidade do conxunto de traballadores e zonas de parada apropiadas e convintemente acondicionadas.

B) Calidade das augas

1. Deberanse cumprir as disposicións básicas incluídas na normativa vixente aplicable á vertedura, condución, tratamento e control das augas residuais, para que estean garantidas en todo momento a saúde humana, a protección do medio ambiente e a preservación dos recursos naturais.

C) Xeoloxía

1. Tratará de reutilizarse a maior parte do volume do material escavado. Con respecto ao aproveitamento deste material, recoméndase proceder á retirada e provisión da capa de solo vexetal para o seu posterior emprego nos labores de revexetación de noiros e axardinamento. Buscarase o lugar máis axeitado para recolocar o material excedentario e que produza o menor impacto posible sobre o medio, como por exemplo unha canteira activa que poida facerse cargo do material resultante, ou unha inactiva na que o material empregárase como recheo no proceso de restauración da canteira.

D) Edafoloxía

1. Retirarase de xeito selectivo unha capa duns 30 cm de espesor, variable segundo as calicatas realizadas no horizonte superficial. Os solos fértiles así obtidos amorearanse en xeito de cordóns ata o momento da súa reutilización. Os montóns non superarán unha altura superior de 1,5 m para facilitar a súa aireación e evitar a compactación.

E) Restauración vexetal e integración paisaxística

1. Deberá procederse á revexetación de todas aquelas zonas que resultaran núas, así como de tódalas zonas destinadas a amoreamentos de materiais, parque de maquinaria, accesos intermedios ou calquera instalación adicional necesaria no transcurso dos traballos.
2. Deberán extremarse as precaucións no que se refire ás zonas verdes, procurando sempre a conservación dos exemplares con maior valor ecolóxico. Para estas zonas, cando sexa inevitable, empregárase unha revexetación a base de gramíneas previo aporte de terra vexetal.
3. Proponse realizar unha plantación de especies que naturalmente se dean na zona e que previsiblemente será necesario eliminar parcialmente da mesma, como son os salgueiros, abeneiros e laureis.
4. Para a revexetación dos noiros realizarase unha sementeira ou hidrosementeira de gramíneas previo aporte de terra vexetal, de xeito que se garanta unha rápida velocidade de recuperación dos mesmos evitando así a erosión superficial.

F) Patrimonio Cultural

Como se desprende da prospección arqueolóxica realizada, deberán adoptarse unha serie de medidas encamiñadas á corrección da afección provocada sobre os bens culturais presentes no ámbito de actuación e o seu contorno:

1. Capela (ET/A-1): sinalización en planos de obra. Saneamento e consolidación dos restos da capela, consistente na limpeza da maleza e amoreamento axeitado de desprendementos, todo elo baixo control arqueolóxico. Seguimento e control arqueolóxico específico dos movementos de terras do contorno da ermida.
2. Vixilancia e control das obras en fase de seguimento. Este control dos movementos de terras, tendo en conta as características das obras, establécese como discontinuo.

G) Consumo de auga

1. Á hora de establecerse as instalacións no parque empresarial, primarán aquelas empresas que empreguen estratexias de xestión encamiñadas á minimización do consumo de auga.
2. Levarase un control do consumo e vixilancia da perdas de auga.

H) Consumo Enerxético

1. Á hora de establecerse as instalacións no parque empresarial, primarán aquelas empresas que empreguen estratexias de xestión encamiñadas á minimización do consumo enerxético.